

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/25/2022	GOB1610D3
5G204T460P6P2U4B0454	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 12:00 do trinta de xuño de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN-LPO-7/2021.-

(...)

**PRIMEIRO:** Outorgar a M<sup>a</sup> Ángeles Casteleiro Alvariño licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa José Alvariño Quintela núm. 4 (Ref. catastral 5360038NJ6156S0001UX), con suxeción as seguintes condicións:

- Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 11.06.2018 (exp. 58/2017).
- Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo COAG o día 28.12.2020, documentación complementaria ao certificado final de obra (planos) visada o día 16.06.2022 e demais documentación presentada aos efectos.

**SEGUNDO:** Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

**TERCEIRO:** Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala á interesada.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, E UNIVERSIDADES PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS CON DESTINO ÁS BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL ANO 2022.-** Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Aceptación da subvención concedida no ano 2022 pola Consellería de Cultura, Educación e Universidades, para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino as bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*Mediante Resolución de Alcaldía de 09/02/2022 (SSO1610A4), e posterior dación de conta en Xunta de Goberno Local de 17/02/2022 (GOB16103H) da referenciada Resolución, apróbase a solicitude de Subvención por importe de 4.000,00€, á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para os programas A (dotación de novidades editoriais en galego -2.500,00€), e B (mellora das coleccións bibliográficas-1.500,00€), ao abeiro da convocatoria publicada no ,dog nº 24 de 04/02/2022 , orde de 31/12/2021.*

*No Diario oficial de Galicia de 17 de xuño de 2022 nº 116, se publica a Resolución de 2 de xuño de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e universidades, pola que se dá publicidade as axudas concedidas ao abeiro da orde referenciada no parágrafo anterior, na que ao concello de Narón concédenselle 6.204,00€ para a mellora das coleccións bibliográficas.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- Orde de 31 de decembro de 2021, publicado no Dog nº 24 de 4 de febreiro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.*
- Resolución da Dirección Xeral de Cultura de 2 de xuño de 2022 ,publicada no dog nº 116 de 17 de xuño de 2022, polo que se da publicidade as axudas concedidas ao abeiro da Orde de 31 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas ou axencias de lecturas públicas, para adquisición de novidades editoriais (programa), e para mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación transformación e resiliencia (programa B) para o ano 2022.*

*Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*1º -Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade por importe total de 6.204,00€ con destino mellora de coleccións en formato físico no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ao abeiro da convocatoria publicada no dog nº 24 de 04/02/2022 , orde de 31/12/2021.*

*2º -Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:*

<i>IMPORTE TOTAL DO PROXECTO: B)Mellora de coleccións en formato físico no marco do Plan de recuperación,transformación e resiliencia . Importe da subvención concedida pola Consellería de Cultura</i>	<i>6.204,00€</i>
<i>Importe da achega municipal</i>	<i>0,00€</i>
<i>Aplicación orzamentaria programa: 3321.62900</i>	

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 22/06/2022 (ICO161084) o documento SSO1611D2 do expediente ENS/8/2022, código proxecto 2022



200000 81, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA PARA O AÑO 2022, CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.-**

Dase conta da seguinte resolución:

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Aceptación de subvención de contratación de persoas perceptoras de RISGA para o ano 2022, concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

#### **ANTECEDENTES:**

*Mediante Resolución de Alcaldía de data 23 de febreiro de 2022(SSO16I0CO) e posterior dación de conta da mesma en Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2022(GOB16I04L), apróbase a solicitude dunha Subvención por importe de 143.072,64€, á Consellería de Emprego e Igualdade, para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG nº 21 de 1 de febreiro de 2022, orde de 7 de xaneiro de 2022, co obxecto de desenvolver o Programa municipal de Mantemento e Limpeza do Patrimonio Público de Narón.*

*Intervención Xeral fiscalza esta solicitude coas operacións contables RCP2202290000034 por importe de 3.437,98€, RC220220001005 por importe de 3.100,00€.*

*En data 24-05-2022 co número 8.974 de Rexistro Xeral de Entrada do concello de Narón se recibe a Resolución de concesión de subvención da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade por importe de 81.224,01€.*

*Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aceptación das subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.*

*Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento (...).”*

*En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a aceptación da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.
- Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais
- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.
- Orde do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2022.
- Resolución de Alcaldía de 23 de febreiro de 2022 aprobando a solicitude de subvención a Consellería de Emprego e Igualdade. (SSO16I0CO).

- Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2022, dando conta da Resolución de Alcaldía aprobando a solicitude de subvención. (GOB16I04L)
- Resolución de concesión de 23-05-2022 da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, recibida en data 24-05-2022 co número 8.974 de Rexistro Xeral de Entrada do concello de Narón.
- Orzamento de gastos en vigor

Á vista do exposto, quen subscribe, Xefa do servizo Sociocomunitario municipal, propón á Alcaldía que resolva:

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptar á subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de persoas perceptoras de RISGA para o ano 2022.

Segundo: Aceptar da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, a subvención para a contratación temporal de persoas desempregadas perceptoras de Risga para o ano 2022 por importe de 81.224,01€, para desenvolver o Programa municipal de Mantemento e Limpeza do Patrimonio Público de Narón.

Terceiro: Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito, para contratación de 1 capataz e 4 peóns, por un período de 9 meses:

CONCEPTO	DURACIÓN E XORNADA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCELLO	XUNTA	IMPORTE TOTAL
Salarios 5 traballadores	9 meses 75%	4530/13100	0,00	60.448,63€	60.448,63€
Productividade de criterios de execución 5 traballadores	9 meses 75%	4530/13105	0,00	738,42€	738,42€
Seguridade Social 5 traballadores	5 traballadores	4530/16000	0,00	20.036,96€	20.036,96€
Indemización 5 traballadores	9 meses 75%	4530/13100 RCP 220229000105	*1.996,10€	0,00	1.996,10€
Publicidade		2312/22602	150,00€	0,00	150,00
Vestuario		4590/22104	2.400,00€	0,00	2.400,00
EPIS		4590/22699	550€	0,00	550,00
<b>TOTAL</b>			<b>5.096,10€</b>	<b>81.224,01€</b>	<b>86.320,11€</b>

A subvención concedida é polo importe de 81.224,01 €, en función dos custes de persoal incluídos na solicitude da subvención (informe de RR.HH. PER16I0LY).

Unha vez concedida a subvención solicítase novo informe a RR.HH, no que se minora o custe de persoal (PER16I20J).

Segundo instrucións da Intervención Xeral débese aceptar o importe total concedido

O importe marcado cun asterisco corresponde a cantidade pertencente á indemnización prevista no artigo 49.1.c do Estatuto dos traballadores, que para os efectos desta subvención non se consideran custos salariais subvencionables, segundo o establecido no artigo 4.3 da Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) no ano 2022. Tendo en conta a data no que nos atopamos e a duración do contrato, a dita indemnización liquidarase en marzo de 2023, que será obxecto de dotación no presuposto do exercicio 2023.

Cuarto: Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo."

E unha vez intervido e conforme pola Intervención municipal en data 23/06/2022, documento de intervención( ICO16I08B), do documento(SSO16ICA) do expediente SSO/24/2022, cos documentos contables RC 220220001005 e RCP 220229000105, ( polo que no orzamento do ano 2023 deberá dotarse o

crédito necesario para facer fronte ao gasto derivado da indemnización por fin de contrato) con código de proxecto 2022 3 00000 57, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**5 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NA QUE SE APROBA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O PERÍODO 2021-2023.-** Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:  
**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“Asunto: Solicitud de subvencions para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023 correspondente aos exercicios de 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K).*

*A xefa do Servizo Sociocomunitario que subscribe en relación coa convocatoria de accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas, emite o seguinte informe-proposta:*

*Antecedentes:*

*A Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, do 13 de maio de 2022 pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establece as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia, para o período de 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K ).*

*O Concello de Narón leva anos desenvolvendo este programa, polo que interesa continuar para os exercicios 2022 e 2023 a participación nesta convocatoria.*

*Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para solicitar as subvencions a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.*

*Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).*

*En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.*

*Fundamentos xurídicos:*

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- As Ordes da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, do 13 de maio de 2022, pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establece as bases reguladoras do procedemento TR301K para o período 2021-2023 e se procede á segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions.
- RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencions de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

*En base o anterior a xefa do Servizo Sociocomunitario, M<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, propón á alcaldía que resolva:*

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, do 13 de maio de 2022 pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establece as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia, para o período de 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K ).
2. Solicitar unha subvención a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, do 13 de maio de 2022 pola que se modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establece as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade

Autónoma de Galicia, para o período de 2021-2023, e se realiza a súa segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023 (código de procedemento TR301K), para as seguintes accións formativas, financiadas ao 100%:

PRIORIDADE ESPECIALIDADE FORMATIVA		CÓDIGO
1	1ª Edición Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	SSCS0208
2	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	SSCS0108
3	2ª Edición Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	SSCS0208

Cadro de financiación:

Aplicación presupostaria	Achega concello	Achega Consellería de Traballo e Benestar
2410 20600	0,00 €	100% do importe concedido na resolución
2410 22400	0,00 €	100% do importe concedido na resolución
2410 22699	0,00 €	100% do importe concedido na resolución
2410 22602	0,00 €	100% do importe concedido na resolución
2410 13100	0,00 €	100% do importe concedido na resolución
2410 16000	0,00 €	100% do importe concedido na resolución

3. Renunciar a desenvolver as accións formativas que non veñan financiadas ao 100% do seu custo.

4. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal (documento ICO16I07M) o 20/06/2022, do documento EMP16I0AG do expediente EMP/11/2021, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**  
Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.  
A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

## **6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4